XUNTA DE GALICIA

PROTECCIÓN DE DATOS NOS CENTROS EDUCATIVOS

https://www.edu.xunta.gal/portal/protecciondatos

XUNTA DE GALICIA

DATO PERSOAL

Artigo 4 RGPD: Toda información sobre unha persoa física identificada ou identificable (a persoa interesada) sendo unha persoa física identificable "toda persoa cuxa identidade poida determinarse, directa ou indirectamente, en particular mediante un identificador, por exemplo un nome, un número de identificación, datos de localización, un identificador en liña ou un ou varios elementos propios da identidade física, fisiolóxica, xenética, psíquica, económica, cultural ou social da devandita persoa".

TRATAMIENTO DE DATOS

Na práctica, calquera actividade na que estean presentes datos de carácter persoal constituirá un tratamento de datos, xa se realice de maneira manual ou automatizada, total ou parcialmente, como a recollida, rexistro, organización, estruturación, conservación, adaptación ou modificación, extracción, consulta, utilización, comunicación por transmisión, difusión ou calquera outra forma de habilitación de acceso, cotexo ou interconexión, limitación, supresión ou destrución.

A recollida de datos do alumnado e dos seus pais ao comezo do curso escolar é un exemplo de tratamento de datos de carácter persoal. Igualmente o mantemento e a actualización do expediente do alumno e a súa transmisión a un novo centro en caso de traslado, así como a captación e gravación de imaxes a través de sistemas de videovixilancia. (*Guía AEPD para centros educativos*).

XUNTA DE GALICIA

RESPONSABLE DO TRATAMENTO:

É a persoa física ou xurídica, autoridade pública, servizo ou outro organismo que, soa ou xunto con outras, determina os fins e os medios de dito tratamento.

No sistema educativo galego a persoa responsable do tratamento respecto dos centros educativos dependentes da Administración educativa é a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, que asume as funcións anteriormente citadas de xeito transversal.

En consecuencia, no suposto de centros educativos públicos, é esta SXT, e non cada centro, a responsable do tratamento dos datos persoais relativos ao profesorado e persoal non docente, así como dos datos persoais do alumnado e das familias.

Pola contra, no caso dos centros privados (concertados ou non) será o propio centro o que teña en cada caso a consideración de responsable do dito tratamento.

ENCARGADO DO TRATAMENTO:

É a persoa física ou xurídica, autoridade pública, servizo ou organismo que trate os datos persoais por conta da persoa responsable (exemplos: servizos de comedor, transporte, actividades extraescolares....). **Non teñen esta consideración as persoas físicas que teñan acceso aos datos persoais na súa condición de empregadas do centro ou da Administración educa**tiva (equipo directivo, profesorado, persoal de administración....).

XUNTA DE GALICIA

DELEGADO DE PROTECCIÓN DE DATOS:

O RXPD introduciu a figura do/a delegado/a de protección de datos, que se configura con funcións de **información** e **asesoramento** á persoa responsable do tratamento e ao persoal ao seu servizo en materia de protección de datos, e de **supervisión** do cumprimento da normativa vixente, incluíndo a concienciación e formación do persoal que participa nas operacións de tratamento dos datos.

O artigo 34 da LOPDGDD establece a obrigatoriedade da designación dun delegado/a de protección de datos no caso de que o tratamento dos datos persoais o leve a cabo unha autoridade ou organismo público e, en todo caso, nos centros docentes que ofrezan ensinanzas en calquera dos niveis establecidos na lexislación reguladora do dereito á educación, así como nas universidades públicas e privadas.

Con todo, o artigo 37.3 do RXPD tamén dispón que cando o responsable ou o encargado do tratamento sexa unha autoridade ou organismo público, poderase designar un único delegado de protección de datos para varias destas autoridades ou organismos, tendo en conta a súa estrutura organizativa e tamaño. Atendendo a esta regulación, na **Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, adoptouse un modelo no que se estableceu a designación dun delegado/a de protección de datos e dun suplente cuxas competencias alcanzan aos centros docentes dependentes dela.**

Para que esta figura poida cumprir as súas funcións e para harmonizar os tratamentos de datos persoais nos centros educativos, as dúbidas que xurdan ao respecto deben de trasladarse ao delegado/a de protección de datos (DPD). Así mesmo, os centros docentes deberán notificar ao DPD calquera incidencia da que tivesen coñecemento que puidese afectar aos datos persoais, así como calquera queixa ou reclamación que puidesen facerlles chegar o alumnado, as familias ou o propio persoal do centro, a fin de que o DPD valore os feitos que fundamentan a devandita reclamación e asesore sobre a xestión máis idónea.

Para contactar co/a delegado/a de protección de datos da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e dos centros docentes dependentes dela, as persoas interesadas poden empregar o formulario electrónico ao seu dispor na seguinte ligazón: https://www.xunta.gal/delegados-de-proteccion-de-datos, ou enviando un correo electrónico ao seguinte enderezo: **dpd.educacioneciencia@xunta.gal** .

XUNTA DE GALICIA

PORTAL EDUCATIVO

No Portal Educativo atópase información sobre protección de datos de carácter persoal, destacando o Protocolo de protección de datos persoais para centros educativos e modelos a empregar.

Ligazón: **https://www.edu.xunta.gal/portal/protecciondatos**

XUNTA DE GALICIA

COMUNICACIÓN DE DATOS:

A comunicación de datos supón a súa revelación a unha persoa distinta do seu titular.

Os destinatarios dos datos serán as persoas físicas e xurídicas, autoridades públicas, servizos ou outros organismos aos que se lles comuniquen. Os titulares dos datos non realizan nunca unha "comunicación", aínda que se tiveran obtido de eles mesmos.

Sen embargo, non se consideran comunicacións de datos a súa transmisión a empresas que teñan a condición de encargados do tratamento.

Cando se transfiren os datos do alumnado dun centro a outro con motivo dun cambio de matrícula ou se comunican ás ANPAS ou aos Servizos Sociais ou Sanitarios, xuíces, tribunais, corpos e forzas de seguridade prodúcese unha comunicación de datos.

En todo caso, a comunicación de datos entre centros públicos dependentes da Consellería Educación, Ciencia, Universidade e FP non se entenderá como unha cesión de datos persoais por tratarse dunha comunicación de datos entre unidades dependentes da mesma responsable do tratamento. A mesma consideración terán as posibles comunicacións ao Equipo de Orientación Específico (EOE).

Tampouco son comunicacións de datos a súa transmisión ás empresas para que, en nome e previo contrato co centro ou a Administración educativa, presten servizos, por exemplo, de comedor, médico ou de transporte.

TRANSFERENCIA INTERNACIONAL DE DATOS:

Sempre que os datos persoais se envíen fora do ámbito do Espazo Económico Europeo (EEE), que comprende todos os Estados membros da UE, máis Noruega, Islandia e Liechtenstein, prodúcese unha transferencia internacional de datos, xa se realice para que o destinatario dos datos preste un servizo ao centro educativo ou para que os trate para unha finalidade propia.

Realízanse transferencias internacionais de datos cando se contratan servizos de cloud computing nos que, por exemplo, o aloxamento de datos realízase en servidores fora do EEE, ou cando se comunican a centros educativos establecidos en países fora deste ámbito para realizar intercambios de alumnado ou períodos de formación.

XUNTA DE GALICIA

PRINCIPIOS DA PROTECCIÓN DE DATOS:

Artigo 5 RGPD:

1. Licitude, lealdade e transparencia

2. Limitación da finalidade

3. Minimización de datos

4. Exactitude

5. Limitación do prazo de conservación

6. Integridade e confidencialidade

O responsable do tratamento será o responsable do seu cumprimento e capaz de demostralo (responsabilidade proactiva)

XUNTA DE GALICIA

LEXITIMACIÓN PARA O TRATAMENTO:

Artigo 6 RGPD:

1. Consentimento

2. Relación contractual

3. Obriga legal aplicable ao responsable do tratamento

4. Interese vital (saúde)

5. Cumprimento misión interese público ou exercicio dos poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento

6. Interese lexítimo (non aplicable ao tratamento realizado polas autoridades públicas no exercicio das súas funcións).

XUNTA DE GALICIA

LEXITIMACIÓN DO TRATAMENTO NO ÁMBITO EDUCATIVO:

Disposición adicional vixésimo terceira da LOE:

”1. Os centros docentes poderán solicitar os datos persoais do seu alumnado que sexan necesarios para o exercicio da súa función educativa. Os devanditos datos poderán facer referencia á orixe e ambiente familiar e social, a características ou condicións persoais, ao desenvolvemento e resultados da súa escolarización, así como a aquelas outras circunstancias cuxo coñecemento sexa necesario para a educación e orientación dos alumnos.

2. Os pais ou titores e os propios alumnos deberán colaborar na obtención da información á que fai referencia este artigo. A incorporación dun alumno a un centro docente supoñerá o consentimento para o tratamento dos seus datos e, no seu caso, a cesión de datos procedentes do centro no que estivese escolarizado con anterioridade, nos termos establecidos na lexislación sobre protección de datos. En todo caso, a información á que se refire este apartado será a estritamente necesaria para a función docente e orientadora, non podendo tratarse con fins diferentes do educativo sen consentimento expreso.”

XUNTA DE GALICIA

PRINCIPIO DE CONSENTIMENTO. RÉXIME XERAL DO CONSENTIMENTO:

- Cando é necesario: No caso de que o tratamento dos datos persoais non atope encaixe noutra base lexitimadora das previstas no artigo 6 do RXPD requirirase o consentimento das persoas afectadas.

- Este consentimento **poderá ser retirado** en calquera momento e debe poder ser retirado por medios tan sinxelos como os que se utilizaron para o seu outorgamento. A persoa interesada deberá ser informada desta posibilidade antes de dar o seu consentimento. A retirada do consentimento non afectará á licitude do tratamento baseada no consentimento previo á súa retirada.

Porén debe terse en conta que as persoas interesadas teñen dereito a obter do responsable do tratamento a supresión dos datos persoais que lle concirnan, pola retirada do consentimento no que se basea o tratamento, se non hai outra base lexitimadora deste.

- Cando se pretenda basear o tratamento dos datos no consentimento da persoa afectada para varias finalidades diferenciadas, será preciso recoller o consentimento de maneira específica e inequívoca para todas elas.

- Quen debe consentir:

Maiores de 14 anos.
Proxenitores (unidos ou non unidos por vínculo matrimonial) ou titores legais.

XUNTA DE GALICIA

CATEGORÍAS ESPECIAIS DE DATOS:

Categorías: datos persoais que revelen a orixe étnica ou racial, as opinións políticas, as convicción relixiosas ou filosóficas, ou a afiliación sindical, e o tratamento de datos xenéticos, datos biométricos dirixidos a identificar de maneira unívoca a unha persoa física, datos relativos á saúde ou datos relativos á vida sexual ou as orientacións sexuais dunha persoa física.

Posibilidade de tratamento:

a) o interesado deu o seu **consentimento explícito**;
b) o tratamento é necesario para o **cumprimento de obrigacións e o exercicio de dereitos específicos** do responsable do tratamento ou do interesado no ámbito do Dereito laboral e da seguridade e protección social;
c) o tratamento é necesario para **protexer intereses vitais** do interesado ou doutra persoa física;
d) o tratamento é efectuado, no ámbito das súas **actividades lexítimas** e coas debidas garantías, por unha fundación, unha asociación ou calquera outro organismo sen ánimo de lucro;
e) o tratamento refírese a datos persoais que o interesado fixo **manifestamente públicos**;
f) o tratamento é necesario para a formulación, o exercicio ou a defensa de **reclamacións** ou cando os tribunais actúen en exercicio da súa **función xudicial**;
g) o tratamento é necesario por razóns dun **interese público esencial**;
h) o tratamento é necesario para **fins de medicina preventiva ou laboral**, avaliación da capacidade laboral do traballador, diagnóstico médico, prestación de asistencia ou tratamento de tipo sanitario ou social, ou xestión dos sistemas e servizos de asistencia sanitaria e social;
i) o tratamento é necesario por razóns de **interese público no ámbito da saúde pública**,
j) o tratamento é necesario con **fins de arquivo en interese público, fins de investigación científica ou histórica ou fins estatísticos.**

XUNTA DE GALICIA

DEBER DE SIXILO E CONFIDENCIALIDADE:

- Deber de sixilo dos empregados públicos:

  - Artigo 74 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.
  - Disposición adicional vixésimo terceira da LOE.
  - Artigo 5 da LOPDGDG.

- Deber de sixilo doutras persoas que poidan ter acceso aos datos:

  - Persoas con acceso aos datos como consecuencia de calquera tipo de prestación de servizo contratado polo centro.
  - Persoas que poden ter acceso como membros de órganos colexiados ou como colaboradores.

- Deber de sixilo de familias e alumnado.

XUNTA DE GALICIA

CONSIDERACIÓNS ESPECIAIS SOBRE OS DATOS DE SAÚDE:

- ¿Que debe coñecer cada membro da comunidade educativa?
- ¿Como articulamos a protección de datos coa necesidade de atender aspectos de saúde do alumnado?

XUNTA DE GALICIA

PUBLICACIÓNS EN TABOLEIROS:

- **Lexitimación para a publicación**: é necesario que exista unha lexitimación para a súa publicación, ben o consentimento ou unha norma legal.

- **Forma da publicación**: ven recollida na Disposición adicional sétima da LOPDGDD (Identificación dos interesados nas notificacións por medio de anuncios e publicacións de actos administrativos).

- As listaxes deberán publicarse o **tempo mínimo necesario** para cumprir a súa finalidade e unha vez non resulten necesarias deberán retirarse.

- As listaxes que conteñan datos persoais deberán publicarse en **taboleiros internos do centro, non accesibles desde o exterior do centro educativo.**

XUNTA DE GALICIA

PRINCIPIO DE CONSENTIMENTO. TRATAMENTO E IMAXES:

- Capacidade para consentir: Maiores de 14 anos.

- Artigo 84. Protección dos menores na internet. 2. A utilización ou difusión de imaxes ou información persoal de menores nas redes sociais e servizos da sociedade da información equivalentes que poidan implicar unha intromisión ilexítima nos seus dereitos fundamentais determinará a intervención do Ministerio Fiscal, que instará as medidas cautelares e de protección previstas na Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de Protección Xurídica do Menor.

- Artigo 92. Protección de datos dos menores na internet. Os centros educativos e calquera persoas físicas ou xurídicas que desenvolvan actividades nas que participen menores de idade **garantirán a protección do interese superior do menor e os seus dereitos fundamentais, especialmente o dereito á protección de datos persoais, na publicación ou difusión dos seus datos persoais a través de servizos da sociedade da información**. Cando dita publicación ou difusión fóra a ter lugar a través de servizos de redes sociais ou servizos equivalentes deberán contar co consentimento do menor ou os seus representantes legais, conforme ao prescrito no artigo 7 desta lei orgánica.

XUNTA DE GALICIA

USO DE SISTEMAS DE VIDEOVIXILANCIA E DE GRAVACIÓN DE SONS:

A LOPDGDD regula no seu artigo 22 os tratamentos con fins de videovixilancia, e como novidade o seu artigo 89 regula o dereito á intimidade das e dos traballadores fronte ao uso destes dispositivos.

O réxime xeral pode resumirse nas seguintes regras:
» Debe respectarse o principio de necesidade, idoneidade para os fins pretendidos e proporcionalidade, é dicir, non é posible a instalación de cámaras de videovixilancia con calquera finalidade, senón que debe responder a unha finalidade concreta e os datos que se recollan deben ser proporcionados a ela. Así, a AEPD admite o uso de cámaras de videovixilancia para garantir a seguridade de persoas e instalacións nos centros educativos, entendendo que sería unha medida proporcionada cando:

- Se trate dunha medida susceptible de conseguir o obxectivo proposto.
- Non exista outra medida máis moderada susceptible de conseguilo con igual eficacia.
- A medida sexa ponderada ou equilibrada, por derivarse dela máis beneficios ou

XUNTA DE GALICIA

USO DE SISTEMAS DE VIDEOVIXILANCIA E DE GRAVACIÓN DE SONS:

» Deberá cumprirse co **deber de información**, a tal fin deberá colocarse nas zonas videovixiadas un distintivo indicativo situado nun lugar suficientemente visible, tanto en espazos abertos como pechados. O anexo de documentos inclúe un modelo de cartel informativo a estes efectos.

» Só poderán captarse imaxes da vía pública na medida en que resulte imprescindible ou sexa imposible evitalo.

» Poden existir diversos sistemas de videovixilancia pero, no caso de que as imaxes sexan gravadas, deberán eliminarse no prazo dun mes dende a súa captación, sendo aconsellable que non se manteñan máis de 10 días cando se recollan coa finalidade de previr o maltrato físico, verbal ou psicolóxico. Unicamente serán conservadas no suposto de que sexa necesario para acreditar a comisión de actos que atenten contra a integridade de persoas, bens ou instalacións. En tal caso, as imaxes deberán ser postas ao dispor da autoridade competente nun prazo máximo de setenta e dúas horas desde que se tivese coñecemento da existencia da gravación.

» Deben escollerse os lugares de colocación das cámaras, de xeito que se respecten os dereitos das persoas usuarias do centro.

XUNTA DE GALICIA

USO DE SISTEMAS DE VIDEOVIXILANCIA E DE GRAVACIÓN DE SONS:

» O uso de videocámaras con fins de seguridade en espazos de xogo, aulas e outros ámbitos nos que se desenvolve a personalidade do alumnado, en canto se trata de espazos nos que se poden producir accións que poñan en risco a súa integridade física psicolóxica e emocional, poderá realizarse unicamente en circunstancias excepcionais, xustificadas pola presenza dun risco obxectivo e previsible para a seguridade e pola protección do interese superior do/a menor, sen prexuízo doutras actuacións como o control presencial por persoas adultas.

» Deberanse protexer adecuadamente todos os compoñentes do sistema de videovixilancia mediante a combinación de medidas técnicas e organizativas á fin de garantir o seu correcto funcionamento e de evitar o acceso non autorizado ás imaxes, de forma que só poidan ser utilizadas para os fins de videovixilancia e seguridade inicialmente previstos.

» A utilización de sistemas similares aos referidos nos apartados anteriores para a gravación de sons no lugar de traballo admitirase unicamente cando resulten relevantes os riscos para a seguridade das instalacións, bens e persoas derivados da actividade que se desenvolva no centro e sempre respectando o principio de proporcionalidade, o de intervención mínima e as garantías previstas nos apartados anteriores.

» No suposto de estar prevista a contratación da instalación dun sistema de videovixilancia ou de gravación de sons, deberán seguirse as pautas previstas no Protocolo de Protección de datos dos centros docentes. Ademais, tendo en conta o deber de dilixencia da persoa responsable do tratamento na elección da encargada, deberase seleccionar un contratista que ofreza garantías suficientes respecto á implantación e mantemento das medidas técnicas e organizativas apropiadas, así como respecto dos dereitos das persoas afectadas, polo que a contratación debería realizarse neste caso cunha empresa de seguridade privada que conte coa autorización administrativa correspondente para o desenvolvemento da súa actividade.

XUNTA DE GALICIA

CONSIDERACIÓNS PARTICULARES RELATIVAS AOS SISTEMAS DE APRENDIZAXE VIRTUAL:

Os centros dependentes da Administración educativa para o normal desenvolvemento da actividade educativa só deben utilizar as ferramentas postas a disposición polos servizos centrais da Consellería a través da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), xa que se trata de ferramentas que contan cunha análise previa das súas condicións de seguridade e das garantías de privacidade da información. A información sobre os distintos servizos educativos dixitais está dispoñible no seguinte enderezo: https://www.edu.xunta.gal/espazoAbalar/espazo/servizos-dixitais. A modo de exemplo, as ferramentas para o establecemento de videoconferencias, con independência de que se poidan engadir outras con posterioridade, son "EDUXUNTAWEBEX", "FALEMOS EDU" e "CAMEDU". Así mesmo, as aulas virtuais contan coa funcionalidade "BigBlueButton" coa mesma finalidade.

Sen prexuízo do anterior, para aquelas actividades educativas complementarias, tales coma a realización de proxectos de innovación ou proxectos europeos, os centros públicos poderán utilizar as plataformas previstas aos efectos sempre que se cumpran as seguintes condicións:

» que as ditas plataformas se atopen baixo a responsabilidade expresa dun organismo público no espazo económico europeo e cumpran cos requisitos descritos no RXPD e no Esquema Nacional de Seguridade.

» que o centro conte coa autorización expresa e inequívoca (por escrito) dos proxenitores ou titores/as legais, ou do propio alumno ou alumna, cando teña máis de 14 anos.

Neste caso recoméndase a xeración de contas con alias, é dicir, cos datos persoais "pseudonimizados" pero mantendo as obrigas e medidas contempladas na normativa de protección de datos.

XUNTA DE GALICIA

A retransmisión das clases en liña só pode ser accesible ao profesorado e alumnado ao que van dirixidas, polo que non se compartirán con terceiras persoas as ligazóns, os contrasinais ou credenciais que permitan o acceso a estes sistemas. O seu uso deberá restrinxirse ademais, exclusivamente, ao ámbito docente.

Tanto o profesorado como o alumnado participante nestas sesións en liña deberá preparar o seu espazo de traballo con carácter previo ao inicio de cada sesión, de forma que lles permita interactuar protexendo a súa intimidade e a de terceiras persoas.

O profesorado debe ter coidado cos contidos do traballo de clase que sobe a Internet e ensinar ao alumnado a valorar a propia privacidade e a das demais persoas, así como que non se poden sacar fotos nin vídeos de ninguén sen o seu consentimento e moito menos facelos circular polas redes sociais.

XUNTA DE GALICIA

GRAVACIÓNS DE CLASES IMPARTIDAS EN LIÑA:

Non se aprecia base lexitimadora para que o alumnado poida realizar este tipo de gravacións. O alumnado polo tanto non debe realizar gravacións das clases.

Con respecto á gravación da clase por parte do profesorado, existe unha base lexitimadora na LOE, sempre e cando a dita gravación se realice unicamente cunha función educativa. A este respecto debe indicarse que a gravación non pode ser utilizada con ningunha outra finalidade, pero si estaría lexitimado realizar unha gravación da clase, por exemplo, para poder poñela a disposición de algún alumno ou alumna que non puidera acceder na data e hora sinalada para a impartición da clase, ou para poder utilizala con outros grupos de alumnado.

Ante situacións de semipresencialidade no ensino, a actividade presencial da aula poderá ser retransmitida por medios telemáticos para o alumnado que non acode ao centro educativo. Na retransmisión velarase porque non sexa posible a identificación do alumnado presente na aula mediante a axeitada colocación da cámara. A retransmisión realizarase preferentemente en directo coas ferramentas subministradas pola Consellería e informarase ao alumnado de que non pode ser divulgada.

XUNTA DE GALICIA

GRAVACIÓNS EXAMES ON LINE:

Non existe unha base lexitimadora xeral que se basee na necesidade de celebración das probas con carácter virtual.

Pautas da AEPD para realizar a ponderación de intereses que debe facerse:

- Realización de probas tipo test ou escrito que deba facer o alumnado, enténdese que non existe, como norma xeral, unha base lexitimadora que permita gravar ao alumno ou alumna mentres realiza a proba, xa que existen outros medios menos invasivos para comprobar que o alumnado non está utilizando axudas externas para a súa realización.

- En relación á posibilidade de gravación das probas orais, a AEPD indicou que a norma xeral será a de non poder realizar estas gravacións. A xuízo da AEPD a mera realización da proba de xeito virtual non supón unha diferencia esencial respecto á modalidade presencial que lexitime a súa gravación.

- Polo tanto, o criterio xeral á hora de realizar gravacións das probas de avaliación debe ser restritivo e atendendo aos mesmos criterios que existían antes da suspensión da actividade lectiva presencial, entendendo que non existe unha base lexitimadora xeral fundamentada na ausencia de presencialidade da actividade lectiva que permita gravar as probas de avaliación con carácter xeral.

XUNTA DE GALICIA

USO DE CORREO ELECTRÓNICO E EQUIPOS INFORMÁTICOS:

A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional conta con servizos suficientes de comunicación e aloxamento de contidos, **polo que non se deberá facer uso de plataformas externas ou non autorizadas expresamente**, xa que este feito podería supoñer unha cesión de datos persoais ou incluso unha transferencia internacional de datos. Débese ter en conta que a utilización de plataformas externas aos servizos da consellería pode implicar riscos de seguridade, tendo en conta as condicións de acceso que se aceptan no proceso de alta nestas plataformas.

Con respecto ao **uso do correo electrónico**, debe terse en conta que non é aconsellable realizar o envío de datos persoais, especialmente cando sexan de carácter sensible, a través do correo electrónico. Cando sexa imprescindible, deberán utilizarse para o envío contas dos servizos corporativos (edu.xunta.gal, xunta.gal ou similares). En todo caso, cando se dirixa unha mesma comunicación a máis dunha conta destinataria utilizarase a opción "Con copia oculta" (CCO) de forma que se protexa a privacidade de todas as contas**.**

No suposto de **envío de categorías especiais de datos**, como poden ser os datos relativos á saúde, este deberá realizarse cifrando os ditos datos, por exemplo comprimindo o arquivo con contrasinal, en concreto co xestor de arquivos 7-zip, e procedendo ao envío deste por outro medio, por exemplo, o telefónico.

XUNTA DE GALICIA

O persoal docente e orientador do centro **accederá aos equipos** e sistemas de información mediante chave persoal. Aqueles ordenadores que non teñan chave persoal non poderán almacenar información que conteña datos persoais, salvo que estes se rexistren en aplicacións aloxadas nos servidores da Consellería (Xade, DatosPersoais, Abalar, EDIXGAL...).

Con carácter xeral, **non se deberán almacenar documentos con datos persoais en dispositivos extraíbles** (como lapis de memoria, discos duros externos...). No caso de resultar absolutamente necesario, procurarase usar dispositivos que permitan o cifrado da documentación e a súa protección mediante contrasinal.

É responsabilidade do persoal dos centros educativos observar a debida dilixencia nos tratamentos de datos persoais que se efectúen neles, incluíndo os que se producen como consecuencia da chegada das tecnoloxías ás aulas, velando por que se reúnan as garantías para o cumprimento do disposto na normativa vixente en materia de protección de datos persoais e seguridade da información.

Non se deberá facer uso de aplicacións de mensaxería instantánea non corporativas (como WhatsApp) entre profesorado e familias ou entre profesorado e alumnado. O profesorado debe ter coidado cos contidos do traballo de clase que sobe á Internet. Debe ensinar ao alumnado a valorar a privacidade propia e a das demais persoas, así como que non pode facer fotos nin vídeos do resto do alumnado nin do persoal do centro escolar sen o seu consentimento nin facelos circular polas redes sociais.

XUNTA DE GALICIA

Boas prácticas de cara a garantir a seguridade da documentación en soporte papel

- Se traballas con documentos en papel *que poida conter datos persoais do alumnado e as súas familias, do propio persoal do centro educativo ou terceiros, nos momentos nos que non os esteas utilizando,* ***non os deixes á vista nas mesas de traballo. Cando te ausentes do teu posto ou ao remate da xornada*** *recorda que os documentos* ***deben permanecer gardados en armarios ou outros dispositivos de almacenamento pechados con chave.***

- A documentación que conteña datos persoais non debe saír, con carácter xeral, das instalacións do centro educativo, pero se fose imprescindible, debes protexela con algunha medida de seguridade *(por exemplo, gardala nunha carteira ou cartafol pechado; evitar que se poida identificar o seu contido; custodiala co máximo coidado; etc.) dirixida a impedir o acceso ou manipulación da información que se traslade.*

- Deberá procederse á ***destrución das copias ou reproducións refugadas*** *de forma que se evite o acceso á información contida nas mesmas ou a súa recuperación posterior.*

- Calquera incidencia relacionada co uso da documentación *como pode ser a súa perda, subtracción ou destrución non autorizada, xa sexa accidental ou intencionada; o acceso ou comunicación a terceiras persoas non autorizadas (erros nos destinatarios; erros na documentación entregada...) ou calquera outra que poida afectar, en particular, á confidencialidade da información,* ***deberá ser comunicada á Dirección do centro, ou no seu caso, ao delegado ou delegada de protección de datos correspondente, á maior brevidade posible, co fin de que se poidan adoptar as medidas necesarias para xestionar a incidencia e resolvela.***